



ANEXO I

DOCUMENTO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA MOEDA LOCAL PANCHA DE RIBADEO

DATOS DO COMERCIO

Razón social do comercio: _____

Nome comercial: _____

NIF/CIF: _____

Enderezo do comercio: _____

Teléfono da persoa de contacto: _____

Correo electrónico : _____

Espazo de presenza en internet (poñer URL): _____

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA ESTA SOLICITUDE

- Solicitud de adhesión asinada e selada. ANEXO I
- Copia do NIF
- Copia do TC2
- No caso de non ter traballador@s: certificado negativo de inscrición de empresa.
- Copia do certificado de epígrafes do IAE

Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario recabar para permitir unha mellor valoración da solicitude de adhesión.

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL:

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Sinatura:

A persoa representante legal da empresa manifesta que:

“Consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos en ficheiros informáticos do Concello de Ribadeo coa finalidade de aplicar as condicións da presente campaña. Informámoslle que os seus datos nunca serán cedidos a terceiros, salvo obriga legal, e conserváremoslos mentres vostede non exerza os seus dereitos de oposición ou supresión. Pode exercer estes dereitos, así como os de acceso, rectificación, limitación de tratamento ou portabilidade, en calquera momento, enviando un correo ao enderezo electrónico adl@ribadeo.org, de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais”.



DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMPROMISO DE ADHESIÓN

D/Dña: _____
con DNI _____, e representante do comercio

asina a solicitude de adhesión á campaña **Moeda Local Pancha de Ribadeo** formalizando as seguintes declaracións responsables e os seguintes compromisos:

DECLARA:

- Que a actividade principal da empresa se encadra dentro do epígrafe do IAE _____ e que o seu establecemento está situado no Concello de Ribadeo.
- Que o número de persoas empregadas na empresa é de _____ e polo tanto non é superior a 10.
- Que se atopa ao ao corrente no cumprimento dos pagamentos á fronte da Seguridade Social, Facenda, Facenda Autonómica e Concello de Ribadeo (artigo 24 de Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño)
- Non atoparse incurso/o en causa de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa Administración e percibir subvencións da Administración pública, estipuladas no art.13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

MANIFESTA coñecer os compromisos e o procedemento establecido para acceder á campaña:

- O Concello de Ribadeo distribuirá 1.000 packs de moedas local por un valor de 10€ (compras 30€ e recibes 40€).
- A campaña desenvolverase entre o **5 de abril e o 5 de maio de 2019**, ambos inclusive, nos comercios adheridos á campaña. **Transcorrido este prazo, as moedas locais perderán a súa validez como medio de pago.**
- Cada moeda local terá un único uso, polo que será imprescindible facer compras mínimas polo valor da moeda que se desexe gastar (5, 10 ou 20€).
- Se o importe da compra é inferior ao importe da moeda, non se devolverá o cambio en efectivo.



- Máximo 2 packs de moedas locais acumulables por cada compra. Isto é: cada comercio só poderá admitir 80 Panchas por compra, o que equivale a 2 packs de moedas por DNI. Se o importe da compra é maior, o resto deberá ser aboado en euros.
- A moeda local non é canxeable por diñeiro en efectivo e non se devolverá o importe das mesmas en ningún caso. De producirse unha devolución dun produto mercado con moeda local, o establecemento emitirá un vale polo importe da compra.
- Os comercios adheridos á campaña non admitirán moedas locais en mal estado, rotas, deterioradas, etc.
- Os comercios adheridos á campaña se comprometen a colocar o material identificativo da campaña que se lles facilite e deberán informar das súas características ás persoas consumidoras.
- Previamente á liquidación das Panchas a Euros, @s comerciantes deben validar na **oficina de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo** as súas moedas locais para poder liquidalas posteriormente en euros. **A validación levarase a cabo os luns 15, 22 e 29 de abril e os luns 6, 13 e 20 de maio** e será imprescindible presentar a seguinte documentación:
 - Moedas locais orixinais seladas polo establecemento correspondente.
 - Tickets ou facturas correspondentes onde conste: nome do establecemento, data da compra, CIF/NIF e importe.
- **Unha vez validadas, o abono das moedas locais realizarase na oficina de ABANCA de Ribadeo até o 24 de maio de 2019.** Unha vez transcorrido esa data a moeda local perderá a súa validez e non se procederá ao seu abono.
- Se os datos facilitados polo comercio non se corresponden coa realidade, ou non se cumpren os compromisos que aquí se asinan, o Concello se reserva o dereito de acometer as accións que considere oportunas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL E SELO DA EMPRESA

Sinatura: _____

En Ribadeo, a _____